

## **O MUNDILLO OURENSÁN ARREDOR DE RISCO**

(Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro)

Andabamos máis pola moda das tertulias de café que as vellas reunións familiares en casas de veciños. A Guerra Civil mudou moito os costumes sociais. O Ourense de entón reuníase de sobremesa nos cafés, algúns deles cantantes. Eran xa os anos despois da Guerra; os do racionamento; os das conversas de evasión. E pasábase o tempo nos cafés como o *Royalty*, *Bilbaina*, *España*, *Madrid*, *Marquesina*, todos no Paseo; e nos arredores, no *Unión*, *Recreativa*, *Moderno*, na *Troya* da Ponte.

Cecais o que congregou un maior número delas, de tertulias, foi o *Café Roma*, no Progreso. Mantiña todo o aire burgués de primeiros de século. Nos anos coarenta foronse formando a peña de “os da construción” (Rodríguez de Dios – José Marcelino-, Muralla, Falcón, Gumersindo, Outeiriño – Alejandro-, Monjardín e Cachafeiro, entre outros) O grupo do “Kaíto”, Fernández Mouriño, Quesada e algún outro. A peña dos xogadores de xadrez (Luís Fábrega, Vázquez Martín, Julio García, Merino, Gutierrez, Clemente, e outros ocasionais) Outra pequena peña era a de Federico Lloria, o xastre Raimúndez, *Leuter*, Alberto Vilanova, ás veces Ferro Couselo, Luis Cougil,...

De maneira ocasional ían por alí o coronel Osset, o Mathé, os do grupo literario da revista *Posio*, con Piñer, Rius, Varela, Fernández Covelo, Alcaraz, Alvarado e Pura Vázquez

e, en xeral, os ourensáns que viñan de fora e que tiña algunha relación con estes grupos sociais.

A PEÑA DOS SABIOS Fóronse xuntando, tras da Guerra, no *Café Roma*, Vicente Risco, Ricardo Outeiriño, Isidoro Guede, Xaquín Lorenzo (o único que daquelas lle chamaba “don Xocas”, era don Vicente) e incorporándose Santiago Vázquez (verdadeiro impulsor da *Sociedade Filarmónica*) e o seu irmán Carlos. Tamén asistían Ernesto Gómez del Valle, Valencia Sotelo, Alfonso Vázquez Martínez, Prego de Oliver, Antón Failde, Alvarado, Vázquez Gimeno, López Sanmartín, Luís Grande, Xosé Fernández Morais, Xulio e Xosé López Cid, Ramón Breña, Luis Trabazo e, por suposto, o fillo de don Vicente, Antón. A peña incrementábase cando viñan a Ourense Antonio Iglesias, Antonio Fernández Cid, José Luís Varela, Modesto Sueiro e outros.

O que comeza sendo unha peña de café, convertiuse na *Peña de los Sabios*. Unha iniciativa de Carlos Vázquez que pronto recolleu Risco para dar ese nome. Era unha ironía máis das moitas das súas, motivada polo feito de que outras peñas do café tiñan máis ou menos un alcume que as identificaba. Houbo certas *coñas* ao respecto, mais pronto ficou o nome consagrado.

NO MEDIO, RISCO. No medio de todo e de todos, quen estaba era Risco. Era o aglutinante de todos nós. Para os máis vellos, amigos del xa antes da Guerra, era o lazo que os mantiña ao pé do pensamento intelectual e político. Para outros, que foran mobilizados na Guerra Civil, viron un modelo de respecto e admiración. Para os máis novos, a

oportunidade de poder falar e conectar cun intelectual que, aínda que falaba pouco, escoitaba moito, e aquela atención que lle prestaba aos máis novos era un dos grandes atractivos para manter relación con el.

SEMPRE INQUEDO E ACTIVO. Pensamos e lembramos agora que por aqueles anos, os coarenta, don Vicente (sempre foi “don Vicente” para todos, novos e vellos), tería uns sesenta anos. Moitos dos compañeiros de peña andaban polos trinta. De maneira que a mixtura era en anos e mentalidade, claramente diferenciada. Non obstante, Risco presidía certo espírito de concordia, de ánimo, de entusiasmo xuvenil. E mantiña un ton de envidiable dignidade cando se daba conta de certos desprezos, desapegos esquecementos por que había quen non lle persoaba estar a favor das dereitas, xa antes da Guerra, por mor da súa fe católica. “Primeiro hai que salvar a nosa relixión, a cuestión política sempre hai tempo de resolvela” díxome unha tardiña paseando pola beirarrúa da Ibense.

Cada acontecemento cultural, intelectual ou artístico que se producía na cidade merecía a atención de don Vicente. Preocupado pola exposición de Faílde na sala *Macarrón* de Madrid; a sosegada alegría de ficar finalista do *Planeta* coa súa novela *La Puerta de Paja*, motivo polo que os amigos da peña, e outros máis, ofrecéronlle un banquete no restaurante *Xesteira*. O Faílde colocoulle unha medalla de pedra cun debuxo alusivo. Colgada do pescozo cunha forte corda, de tal maneira que Risco non se podía pór de pé do que lle pesaba a condecoración. A mesma alegría tivo cando lle deron o premio

da *Fundación March* a Otero Pedrayo (“porque o merece máis ca min” rexongaba polas protestas dos seus máis asiduos) A ilusión con que fixo, con debuxos de Conde Corbal, *El Orense Perdurable*. A emoción que lle producían as exposicións dos *artistiñas*, os xoves pintores e escultores, algún deles respondéronlle con lamentable ingratidade. Ou aquel enfautado profesor que falaba del como “o Risquiño” con aires de “engrupido” tal din os arxentinos.

A DIÁSPORA. Alá polo 52 pechouse o *Roma*. A peña *emigrou*, primeiro ao café *Mercantil*, mais o barullo dos dominós non deixaba falar, e na peña non se xogaba. Logo foise pra *La Marquesia*, instalándose no poleiro. Mais pasado pouco tempo acougou no café *Parque*, onde Ernesto Gómez del Valle (tan esquecido hoxe e cuia obra de teatro *La Sala 51* non se chegou a representar) era xerente. Alía apeña cambiou moito. Incorporáronse Ferro, Camilo Suárez, Francisco Nogueiras, Conde Corbal, ás veces Antón Tovar e algúns máis. Pero xa se xogaba ao Tute. E alí ata o 63, cando morreu don Vicente. Porque, a pesares da súa discreción, dos leves xestos daquel home miúdo que nunca alzaba a voz, a peña era el.

Como era el tamén a peña que se foi formando no bar do Tucgo, que xunto coa súa muller rexentaba un bar sito no Eironciño dos Cabaleiros. Parroquiáns nos domingos ou festivos pola mañá., ían os da *Hoja del lunes* (Huete, Gimeno, Alvarado, Ruco Lezcano) Levaban a Risco para parolar e tomar unha taciña. Fóronse achegando Pepe Romero (tan inxustamente esquecido) Santiago e Carlos Vázquez. Xaquín Lorenzo, as veces, como Prego ou Faílde. E houbo que lle pór

un mote, como acontecera coa *peña dos sabios*. E don Vicente púxolle *a peña do Volter*, rememorando aquel cabaret de Zurich onde naceu o movemento dadaista. O nome pasou ao mesmo bar e pouco despois algúns pintores deixaron as súas pegadas nas vellas paredes de cal, con pinturas, debuxos, frases ou versos. O local era moi visitado polos curiosos. Un grupiño de pintores apropiouse do nome para darllo ao grupo. Don Vicente vía, así, arrebatados os seus “dereitos de propiedade”.

A súa vida social, fora do seu despacho de traballo na rúa Santo Domingo e onde se enfurecía cando lle abriamos os balcóns (“Pechade. Pechade, -diciá- que se nos enche a habitación de microbios que morren aquí cando eu fumo” e fumaba sempre) Fora da redacción de *La Región* onde escribía a man as súas colaboracións que penso eran pagadas peseta por peseta contando liña por liña (“Escribeu moito este mes, don Vicente” dicíalle o director a tenor das pesetas da paga) Fora destes dous ou tres ambientes, o de Risco somentes aumentaba nalgunha conferencia, nun concerto –rexeitaba furiosamente a Wagner-, e non era partidario das sociedades organizadas (“É unha sociedade municipal e espesa” dicía dunha que entón somentes acollía a vellos distinguidos ou a algunha que outra parella) Mais o seu nome e a súa categoría intelectual pesaban máis na vida cultural da cidade. O que tan hipocritamente se chamaba *A Atenas de Galicia*, comezou a desmoronarse, ben certo, coa súa morte.